


Verde que te quero verde

O luns dez de Maio de 2021, os alumnos e alumnas de 3º da ESO B e D do IES Miraflores, a pesar da pandemia que estamos a vivir, fixeron unha excursión a Costa de Dexo- Serrantes, para aprender de súa fauna e flora, facendo unha ruta de sendeirismo e visitando así os seus lugares máis destacados; pois é un Monumento Natural de Oleiros que estando tan preto do instituto, apenas a quince minutos, era imprescindible que o coñeceran.



Mapa coa distancia entre o IES Miraflores e Costa de Dexo


Cada grupo comezou a ruta dende diferentes puntos para facer o mesmo camiño pero en sentido inverso e coincidir no medio. A igrexa de Santa María de Dexo foi o primeiro que visitou 3ºB, construída en 1108, situada nun nicho, ademais baixo terra enterraban persoas que si tiñan un cargo importante na igrexa orientábannos cara Oriente e se non do revés. Na parte traseira da igrexa había unha pedra a cal sitúa oriente, de isto provén a palabra orientar. Esta igrexa é de planta rectangular e de pedra. Todo ó redor da igrexa, na parte superior, construíron figuras eróticas, as cales co paso de tempo foron censurada e eliminadas. Detrás da Igrexa encontrábase a tumba de Pardo de Andrade un adifeirado comerciante e prestamista, detestado no pobo, polo que a súa tumba estaba chea de vasoira e residuos. Visitaron as casas situadas preto da Igrexa coas súas cabazas ou hórreos empregados para gardar alimentos como millo, patacas, cabazas...



Igrexa de Dexo



Muller espida da Igrexa



Cabazo Galego

Continuaron coa ruta, puideron contemplar as distintas especies vexetais entre as que destaca os abundantes eucaliptos que foi introducido en Galicia en 1860 por Frai Rosendo Salvado, pois é unha árbore de rápido crecemento, que desafortunadamente substituíu árbores de mellor calidade como o carballo.



Cova do Ladrón

Algúns dos alumnos visitaron e entraron nesta cova de pedra, coñecida como a "Cova do Ladrón" dende a cal pódese ver unhas maravillosas vistas do Océano Atlántico.

Tamén encontraron unha antiga muralla Romana, era moi baixiña, a cal está rodeada de vexetación. O seguinte foron as furnas, unhas covas mariñas formadas pola acción do mar. Se te asomas poderás ver el mar. A auga canalízase polas cavidades e debido ó estreitamento destas, sae en forma de chorro.



A Furna visitada.

Nunhas rochas cunhas preciosas vistas ó Océano pararon a comer, para coller enerxía. Este fora probablemente o momento no que mais probabilidade de contaxio houbera, xa que no resto da viaxe as normas de seguridade (menos a distancia) foron cumpridas perfectamente e as probabilidades de contaxio serían ínfimas. Continuando coa ruta, o seguinte foi que encontraron uns cágados mortos por culpa dun fungo, o cal está moi presente nas patas dos cans ou na sola dos zapatos. Tras presenciar esta catástrofe, encontráronse co outro grupo e continuaron a viaxe ata chegar ós golfiños onde pararon a beber auga, para chegar finalmente ó Seixo Branco, Monumento Natural de Dexo, son uns acantilados, dende o cal, pódese ver o outro lado da ría coruñesa a Torre de Hércules.



Seixo Branco.

En conclusión, foi unha excursión moi necesaria para os nenos que necesitaban saír á natureza e relacionarse con outros compañeiros pois tras este largo ano onde as saídas foron escasas.

Alicia Fontenla Llaudes de 3ºB comentou que case non se acordaba das caras dos compañeiros e menos da profesora Marta que non a coñecía antes da pandemia. Por mais saídas como esta para recordalas toda a vida.